



## Colector XENÉRICO

### QUE DEPOSITAMOS NEL?

RESÍDUOS ORGÁNICOS:  
(RESTOS DE ALIMENTOS)

MATERIAIS NON SUSCEPTIBLES DE RECICLAXE (cueiros, compresas, panos de mesa de papel, ...).

NON depositaremos nel Residuos de poda, xardinaría ou limpeza de terreos. Tampouco animais mortos, cinzas nin entullos de obras (escombros).

#### Consello:

O lixo debe depositarse en bolsas pechadas. Pechar a tapa dos colectores para evitar malos olores e a intromisión de animais domésticos.



## Residuos VOLUMINOSOS

MOBLES, SOMIERES, COLCHÓNS, PORTAS, MARCOS....

### Punto de depósito dos residuos:

Estos residuos deben levarse, previa autorización, á nave almacén que o Concello de Moraña ten no polígono industrial de Mirallos ( lugar da Bouza).



## Residuos ELECTRODOMÉSTICOS



Frigoríficos, conxeladores, aparatos de radio, televisores, microondas, lavadoras, secadoras, ordenadores...



### Onde os depositamos?

Cando realice a compra de electrodomésticos, aparatos eléctricos e electrónicos, os distribuidores e comercios de venda recolleranlle os vellos para a súa reciclaxe.

## CONCELLO DE MORAÑA

Rúa 1, nº 2 - SANTA LUCÍA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)

TELÉFONO: 986 55 30 05  
FAX: 986 55 34 42

E-MAIL:  
morana@concellos.depontevedra.es

INTERNET: [www.morana.org](http://www.morana.org)

Reduce  
Reutiliza  
Recicla



## GUÍA



PARA **SEPARAR**  
CORRECTAMENTE  
OS **RESIDUOS**  
**DOMÉSTICOS**



**SEPARANDO**  
para **RECICLAR**

É necesario que os veciños de Moraña realicen correctamente a clasificación dos residuos domésticos que xeran nos seus fogares así como o posterior depósito destes nos colectores específicos para cada tipo de residuo. Con isto conseguiremos facilitar a súa posterior reciclaxe, protexer o medio local e non incrementar o custo do servizo de recollida de lixo para o Concello.



Concello de

**MORAÑA**





## Colector de PAPEL Azul

### QUE DEPOSITAMOS NEL?

- ✓ CAIXAS DE CARTÓN.
- ✓ FOLIOS, CADERNOS E SOBRES
- ✓ PRENSA, REVISTAS E LIBROS.
- ✓ FOLLETOS DE PUBLICIDADE.
- ✓ EMBALAXES (de papel ou cartón).

NON depositaremos nel  
Panos da mesa de papel, papel de cociña usado, papeis sucios. Cueiros. Envases brik.

#### Consello:

Prega os cartóns para que ocupen menos espazo. Quita os plásticos, grampas, precintos, fitas adhesivas, etc.

O papel e o cartón debe ir limpo e seco.



## Minicolector de PILAS

### QUE DEPOSITAMOS NEL?

- ✓ PILAS DOMÉSTICAS
  - Pilas alcalinas.
  - Pilas de botón.
  - Pilas recargables.



#### Localización do colector:

No edificio do Concello de Moraña.  
[Rúa 1, nº 2 – Santa Lucía.]



## Iglú de VIDRO Verde

### QUE DEPOSITAMOS NEL?

- ✓ BOTELLAS DE VIDRO.
- ✓ TARROS E FRASCOS DE VIDRO (de bebidas, alimentos, perfumes e cosméticos).

NON depositaremos nel  
Tapóns das botellas e botes. Corchos. Fluorescentes. Cerámica. Botes de medicamentos.

#### Consello:

Os envases de vidro deben ir sen tapóns e sen tapas. O vidro debe ir limpo para facilitar a reciclaxe.



## Colector de ACEITE usado DOMÉSTICO

### QUE DEPOSITAMOS NEL?

- ✓ ACEITE USADO DE COCIÑA EN BOTELLAS DE PLÁSTICO (depositar a botella chea no colector, nunca verter o aceite directamente).

Localización dos colectores  
Casco urbano de Santa Lucía.



## Colector de ENVASES Amarelo

### QUE DEPOSITAMOS NEL?

- ✓ BOTELLAS E ENVAXES LIXEIROS DE PLÁSTICO (botellas de auga, de refrescos, de leite, de zumes, vinagres,...; envases de produtos de aseo e limpeza, xampús, xeles, suavizantes; envases de iogures; bandexas e caixas de poliexpán para alimentos; vasos e pratos de plástico dun só uso; tapas e tapóns de plástico, etc.

#### BOLSAS E ENVOLTORIOS

(de plástico e aluminio: bolsas da compra...).

- ✓ LATAS, ENVASES METÁLICOS E TIPO BRIK (de leite, zumes, conservas, refrescos, cervexa; pratos/bandexas de aluminio, ...).

#### NON depositaremos nel

Restos de alimentos, cueiros, envases de vidro, papel, cartón, xoguetes, rotuladores, enchufes, cables eléctricos, cepillos, ...

#### Consello:

Os envases de plástico e os tipo brik deben ir pregados para aforrar espazo.



## Residuos de OBRAS domésticas

### Onde os depositamos?

Cando realizamos obras na casa, os residuos xerados como entullos, restos de canalizacións, etc, deben depositarse en colectores especiais ou en sacos de obras que subministran e retiran as empresas autorizadas.